




do 10 ao 14 de novembro de 2009  
na Praza Maior de Ourense

# Mostra de Património Cultural Inmaterial



A necesidade urxente de salvagardar e pór en valor este PCI común cristaliza no proxecto Ronsel, iniciativa coa que as tres universidades galegas, baixo a coordinación da Universidade de Vigo, desenvolven un traballo de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, co patrocinio da Consellaría de Cultura e Turismo e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

Despois do éxito acadado pola Mostra de PCI organizada o ano pasado na cidade das Burgas, e coa intención de visibilizar de novo este patrimonio e concienciar a sociedade da necesidade de salvagardalo, a Asociación de Gai-teiros Galegos o Concello de Ourense e todos os parceiros do proxecto Ronsel organizan e patrocinan esta Mostra de Patrimonio Cultural Inmaterial na cidade de Ourense.


No Portal do Patrimonio que desenvolve o proxecto Ronsel, pódense ver fotografías e vídeos gravados pola TV da Universidade de Vigo en edicións anteriores: <http://ronsel.uvigo.es>

Esta mostra pretende reflectir a diversidade patrimonial inmaterial poñendo ao alcance de todos e todas unhas representacións da súa riqueza, amosando como os coñecementos tradicionais se poden adaptar e vivir na sociedade actual, e como poden xerar expresións de alto valor estético, funcional e económico. Estas expresións, á marxe dos procesos globalizadores e uniformizantes, unha vez estudadas, postas en valor, reelaboradas e difundidas, reactivaranse para contribuír a un diálogo eficaz coas demais sociedades modernas, desde as nosas interpretacións particulares e diferenciais.

Esta mostra ten como fío condutor os valores do propio patrimonio cultural inmaterial. Entre os moitos que se poderían destacar escollemos reciclaxe, comunidade, utilidade e contacto. Deste xeito, na Praza Maior de Ourense acharán unha caseta especificamente dedicada a cada un destes valores onde se mesturan e interaccionan, de xeito indisoluble, os cinco ámbitos do PCI.

Nesta Mostra do PCI acharán tamén exposicións, debates, producións audiovisuais realizadas polo proxecto Ronsel e por outros axentes culturais interesados na salvagarda do PCI así como a degustación de produtos ecolóxicos. Os máis cativos terán oportunidade de practicar na construción de simples instrumentos musicais e, por suposto, asistir aos concertos didácticos de Pablo Carpintero que con certeza os deixará abraiados.

Polas noites, ás 20.00 remataremos a xornada cunha actuación musical de grupos musicais de recoñecido prestixio no que agardamos contar coa vosa presenza: Coanhadeira (martes), Tinta Femia (mércores), Leilía (venres) ou os Carunchos (sábado) constitúen distintas formas de entender e facer chegar a nosa música tradicional.



# CURSO DE METODOLOXÍA DE TRABALLO NAS AULAS CO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL

Validable por un crédito de libre elección para estudantes da Universidade de Vigo.

## Teoría.

NO AUDITORIO DE OURENSE

### Martes, 10 de novembro

**12.00-14.00 h.** Que é o patrimonio cultural inmaterial. Os seus valores. Iván Area (Universidade de Vigo, Coordinador xeral do Proxecto Ronsel)

**16.00-19.00 h.** A Lei do patrimonio e os seus problemas no campo inmaterial. María del Mar Llinares (Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Historia)

### Mércores, 11 de novembro

**10.00-12.00 h.** Ollando nos mitos, romarías e outras expresións da espiritualidade galega. Xaquín Rodríguez (Universidade de Santiago de Compostela)

**12:30-14:00 h.** A Convención da UNESCO. Consuelo Vázquez. (Directora Comisión Española de UNESCO)

**16.00-18.00 h.** Traballo de campo: o método como principio e como recurso. Elena Freire (Doutora en Antropoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela)

**18.00-20.00 h.** Mesa redonda: Anxo Ocampo (moderador). Intervenien Antón Fidalgo Santamariña (Universidade de Vigo), Xavier Simón (Universidade de Vigo), Cástor Castro (Membro da aula de Música Tradicional Gomes Mouro)

### Xoves, 12 de novembro

## Práctica

**10.00-14.00 h.** Traballo con xente do Fogar do Maior de Ourense

## Avaliación: Entrega de informe

## CURSO DE METODOLOXÍA DE TRABALLO NAS AULAS CO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL FICHA DE INSCRIPCIÓN

NOME ..... APELIDOS .....  
DNI ..... ESTUDANTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO SI  NON

Para participar no curso enviar estes datos a [ronsel@uvigo.es](mailto:ronsel@uvigo.es). Máis información no 986 812 051



# Martes 10

MÚSICA NA PRAZA MAIOR

20.00 h. Concerto do grupo Coanhadeira

## día da RECICLAXE



## Mércores 11 (de 10.00 a 21.00 h)

**ACTO DE INAUGURACIÓN ás 11.30**

**OBRADOIROS de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 19.30**

**Luthería** (Xaneco Tubio, Outeiro de Rei, Lugo)

**Torneiro** (Oli Xiráldez, Cascandelo, Balcaide, Teo, A Coruña)

**Construción de instrumentos musicais vexetais** (Emilio Lois, A Baña, A Coruña)

**Olaría** (Fernando Mourón, Buño, A Coruña)

**Obradoiros de xogos tradicionais** organizados pola Asociación Brinquedia

**Forxa** (Oliverio Álvarez, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo)

**Poteiro** (Kike Simón, Barcela, Arbo, Pontevedra)

**Olaría** (Tomás López, Proendos, Sober, Lugo)

**Obradoiro de construción de xoguetes tradicionais** (Xosé López, Tui, Pontevedra e Xosé Manuel García, Lourenzá, Lugo)

**Coroceira** (Maruja Torre, Mazaricos, A Coruña)

**MAGOSTO POPULAR organizado polo Concello de Ourense nos Xardíns Bispo Cesáreo (Alameda de abaixo)**

**12.00** Concerto da Banda Municipal de Ourense

**17.00** Magosto popular con degustación de castañas, chourizos e viño novo

**ACTUACIÓNS E REPRESENTACIÓNS ao longo do día polas rúas e a carpa**

**Cantos de Cego** (Carlos do Viso, O Viso, Redondela)

**FESTIVAL DE MÚSICA TRADICIONAL DA ASOCIACIÓN**

**DE GAITEIROS GALEGOS (de 20.00 a 21.00 h)**

**Tinta Femia** (Balcaide, Teo, A Coruña)

# día da COMUNIDADE

**Xoves 12** (de 10.00 a 20.30 h)

## **OBRADEIROS de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 19.30**

**Luthería** (Xaneco Tubio, Outeiro de Rei, Lugo)

**Torneiro** (Oli Xiráldez, Cascandelo, Balcaide, Teo, A Coruña)

**Construción de instrumentos musicais vexetais** (Emilio Lois, A Baña, A Coruña)

**Olaría** (Fernando Mourón, Buño, A Coruña)

**Obradoiros de xogos tradicionais** organizados pola Asociación Brinquedia.

**Forxa** (Oliverio Álvarez, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo)

**Poteiro** (Kike Simón, Barcela, Arbo, Pontevedra)

**Olaría** (Tomás López, Proendos, Sober, Lugo)

**Coroceira** (Maruja Torre, Mazaricos, A Coruña)

**Artes de pesca** (Ángeles Millé, Malpica e Rosa Isabel Rodríguez, Corme, A Coruña)

## **ACTUACIÓNS E REPRESENTACIÓNS ao longo do día polas rúas e a carpa**

**Cuarteto Abelente** (Ourense)

**Ramiro Cortizo, o Capador de Muras** (Muras, Forcarei, Pontevedra)

**Contacontos** (Carlos Rafael, Ourense)

## **CONCERTO DIDÁCTICO ás 12:00 h.**

**Os Instrumentos musicais galegos** (Pablo Carpintero, Castro de Carballedo, Lugo)

## **EXPOSICIÓNS PERMANENTES**

**Ferramentas dos oficios de afiadador.** Pezas de Florencio de Arboiro.

**Exposición de xoguetes tradicionais,** da colección particular de Xosé López (Tui, Pontevedra) e Xosé Manuel García (Lourenzá, Lugo).

**Exposición das ferramentas relacionadas co traballo do cereal** realizada polo proxecto para recuperar a memoria histórica de Valga.

**Mostra da vida tradicional galega en comunidade,** exposición cedida polo Museo do Pobo Galego.

**Exposición de información sobre as razas autóctonas galegas.** Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia. Fontefiz, Ourense.

**Exposición de traxes tradicionais galegos de traballo** cedidos polo centro de cultura popular "Xaquín Lourenzo" da Deputación de Ourense.

# día da UTILIDADE



**Venres 13** (de 10.00 a 21:00)

## **OBRADOIROS de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 19.30**

**Luthería** (Xaneco Tubio, Outeiro de Rei, Lugo)

**Torneiro** (Oli Xiráldez, Cascandelo, Balcaide, Teo, A Coruña)

**Construción de instrumentos musicais vexetais** (Emilio Lois, A Baña, A Coruña)

**Olaría** (Fernando Mourón, Buño, A Coruña)

**Obradoiros de xogos tradicionais** organizados pola Asociación Brinquedia

**Forxa** (Oliverio Álvarez, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo)

**Poteiro** (Kike Simón, Barcela, Arbo, Pontevedra)

**Olaría** (Tomás López, Proendos, Sober, Lugo)

**Cestaría** (Rafael Casabella, Cadramón, O Valadouro, Lugo)

**Zoqueira** (Helena Ferro, Merza, Vila de Cruces, Pontevedra)

## **ACTUACIÓNS E REPRESENTACIÓNS ao longo do día polas rúas e a carpa**

**O proceso do liño. Colectivo de mulleres de Parada de Outeiro** (Vilar de Santos, Ourense)

**Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba** (Chantada, Lugo)

**A Requiñta da Laxeira** (San Miguel de Sarandón, Vedra, A Coruña)

## **MÚSICA na praza Maior (20.00 a 21.00 h)**

**Concerto de Leilía**

## **AS CABANAS**



**Cabana da reciclaxe:** exposición de xoguetes, Xosé López (Tui, Pontevedra) e Xosé Manuel Garoía (Lourezá, Lugo)

**Cabana da comunidade:** mostra da vida tradicional galega en comunidade, exposición cedida polo Museo do Pobo Galego

**Cabana da utilidade:** exposición de ferramentas e produtos farmacéuticos antigos, pertencentes a Eduardo Esteban Meruéndano (Pontevedra) con imaxes cedidas por Carlos Montero.

Naturópata (Cándido Cid, Xinzo de Limia, Ourense) de 13.00 a 14.00 e de 16.30 a 18.00 horas

Mércores e sábado, experto en terapias tradicionais (Alberto Granja, Lalín, Pontevedra)

**Cabana do contacto:** rodas de afiar e outras ferramentas da colección de Florencio Arboiro (Ourense)

# día do CONTACTO

**Sábado 14** (de 10.00 a 21:00)

## **OBRAZOIROS de 10.30 a 14.00 e de 17.00 a 19.30**

**Luthería** (Xaneco Tubio, Outeiro de Rei, Lugo)

**Torneiro** (Oli Xiráldez, Cascandelo, Balcaide, Teo, A Coruña)

**Construción de instrumentos musicais vexetais** (Emilio Lois, A Baña, A Coruña)

**Olaría** (Fernando Mourón, Buño, A Coruña)

**Obradoiros de xogos tradicionais** organizado pola Asociación Brinquedia

**Forxa** (Oliverio Álvarez, Queixoiro, A Fonsagrada, Lugo)

**Poteiro** (Kike Simón, Barcela, Arbo, Pontevedra)

**Olaría** (Tomás López, Proendos, Sober, Lugo)

**Añador tradicional** (Armando, San Xoán de Río, Ourense)

**Encaixe de Camariñas** (M.<sup>a</sup> Rosa Liñeiro, Asociación Palillada, Camariñas, A Coruña; Adoración García, Asociación Rendas, Camariñas, A Coruña; e Elba Ferrín, Museo do Encaixe, Camariñas, A Coruña)

## **ACTUACIÓNS E REPRESENTACIÓNS ao longo do día polas rúas e a carpa**

**Representación do combate entre mouros e cristiáns da Saínza** (Rairiz de Veiga, Ourense)

**Malla tradicional** realizada polo proxecto para recuperar a memoria histórica de Valga (Valga, Pontevedra)

**Folión de Mormentelos** (Vilariño de Conso, Ourense)

**Cantos de Cego** (Luís, O Caruncho, Gondomar, Pontevedra)

**Tanto Nos Ten** (Redondela, Pontevedra)

## **FESTIVAL DE MÚSICA TRADICIONAL**

### **da Asociación de Gaiteiros Galegos (20.00 a 21.00 h)**

**Os Carunchos** (Vigo, Pontevedra)

ORGANIZAN



Proxecto RONSEL



Universidade de Vigo



Programa de acción en el ámbito del aprendizaje permanente



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO



XACOBEO 2010  
Galicia



COLABORADORES DA MOSTRA DE PATRIMONIO INMATERIAL

Asociación do entroido Ribeirao de Santiago de Arriba (Chantada)  
Centro de Cultura Popular "Xaquín Lorenzo" da Deputación de Ourense  
Centro de Recursos Zootenéticos de Galicia  
Eduardo Esteban Meruéndano (Pontevedra)  
EIDOSEL S.C.G (por suministrar o bagazo)  
Florencio Arboiro (Ourense)  
Fogar do maior de Ourense  
Malmequer  
Museo do Pobo Galego  
Proxecto para a recuperación da memoria histórica de Valga  
Televisión da Universidade de Vigo (UVigo.Tv)

**Queremos expresar tamén a nosa gratitude a todas as persoas que, dun xeito ou doutro, se implicaron e implican no proxecto RONSEL, en particular a todos e todas as persoas participantes na elaboración do Plan para a salvagarda e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia.**